CEIP PLURILÍNGÜE AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO

# @A.RO.BA

Edicción dixital

XORNAL ESCOLAR

XUÑO 2021



# Letras Galegas 2021

# Xela Arias

# Sumario


Editorial
Proxecto Documental Integrado
Coplas do entroido
Día do libro
Letras Galegas
Biblioteca
Traballamos no cole
Arts/ Plástica
Relixión
Graduacións
Despedidas


# Colaboradores

*Departamento de Normalización Lingüística.*
*Mestres e mestras do CEIP Amadeo R. Barroso.*
*Alumnos e alumnas de Educación Infantil.*
*Alumnos e alumnas de Educación Primaria.*
*Libriño, a mascota do colexio.*



# Editorial

*Cumpríronse as nosas esperanzas e recuperamos o fondo do significado da expresión "viraocolexio". As formas marcaron un curso académico diferente: enésimas veces máscaras, distancia, xel hidroalcohólico, ventilar, merendar na clase, non compartir e xogar sen tocar.*

*Pode ser que este ano quedase ben demostrado que será a creatividade, e non a memorización e superación de probas escritas, a que garanta a calidade de vida da especie humana. O exemplar que ten nas mans ou diante dos ollos, resultado dun esforzo creativo de todo o alumnado e profesorado, supón parte dun gran máis a aportar para o desenvolvemento daquela e será lembranza doutro inesquecible curso máis.*

*Se quere consultar e desfrutar de toda a produción lingüística galega do alumnado deste centro non deixe de entrar nos diferentes blogs do colexio, neles atopará creacións tan brillantes e orixinais coma as nenas e os nenos que as crearon.*

**BIBLIO. A. RO. BA**



# Benvida aos peques do colexio

**4º EDUCACIÓN INFANTIL – GRUPO A**

**CURSO 2020/2021**



| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| WALLDI | FERNÁNDO | YAEL | MANUEL | MARCO |
| DANIELA | NOA | EMILY Mª | ANTÓN | LUCÍA |
| PABLO C. | MARÍA | LUCAS | MATEO CONDE | MATEO CURRÁS |
| SOFÍA LÁZARA | GABRIEL | MARTÍN | SHAILA | ETHAN JOSÉ |
| ANTÍA | XAIRO | VALENTINA | PABLO.F. | LUCÍA G. |

# Benvida aos peques do colexio

4ºB. EDUCACIÓN INFANTIL. TITORA LUZ MARÍA DOVAL GESTAL


TIAGO


EREA


RAÚL


SOFÍA


PAULA


VERA


DANIELA


TEO


LUCAS


SARA


ULISES


ALICIA


LUCA


ANDREA


ÓSCAR


VÍCTOR


CLARA


CLOE


SALETA


JULIA


CELTIA


LEVÍ


JOSE


DANIEL


TERESA

# Benvida aos que se incorporaron neste curso



Omar



Antía



Manuel



Martín



Gabriel



Aarón



Raquel



Sara

# DESCUBRINDO O CAMIÑO DE SANTIAGO
# 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL
## PASIÑO A PASIÑO COÑECEMOS O CAMIÑO




# A NOSA COMPOSTELA

# A CREDENCIAL D@ PEREGRIN@






# @S PEQUEN@S PEREGRIN@S






5º DE EDUCACIÓN INFANTIL



# CHEGAMOS A SANTIAGO
# GUIADOS POR LIBRIÑO
# E PASIÑO A PASIÑO
# FIXEMOS O CAMIÑO.





































O CAMIÑO DE SANTIAGO

"Os de 1º de Primaria , PEREGRINOS NO CAMIÑO "

Este paxariño é Iago.



Un paporroibo peregrino

que nos invitou a facer o Camiño de Santiago.



Da súa man fomos percorrendo a provincia de Ourense ,

seguindo a Vía da Prata ,

ata chegar a Compostela.

En cada parada contounos contos e historias curiosas,

superamos probas de todo tipo e aprendeunos palabras novas .







Así fomos amando cada vez un chisco máis alingua galega.



# Unha forma moi peculiar

Érase unha vez, uns peregrinos que vien en Francia, e querían facer o camiño de Santiago, pero eles só querían encontrar outra forma de facer o camiño.

Non se decidían: en bici, en coche, en moto, andando... Os nenos o día seguinte pensaron,

-Xa sei podemos facer o camiño en patíns.

Dixo un.

-Pois poñámonos facer as maletas e mañá poñémonos en marcha.

Respondeu outro.

Ao día seguinte foron o almacén por os patíns, a casa a polas maletas e ao garaxe polo coche.

Ao coller o coche foron a alquilar unhas mulas para levar o seu equipaxe.

O chegar a París baixáronse do coche e puxéronse en marcha.

Despois dunhas horas as mulas estaban cansas, entón todos pararon a facer un pequeno descanso para almorzar uns bocatas. Segundo terminaron, as mulas, xa estaban mellor. En un instante xa habían chegado a Galicia.

Eles mais animados seguiron a súa viaxe, como todos estaban tan cansos de andar nos patíns paráronse a beber. Despois dun tempo... Viron que estaban en Santiago!

Ao chegar á catedral déronlles unhas placas por facer o camiño. A xente cando se enterou quedáronse de pedra. Todos tiñan preguntas de como habían feito o camiño de Santiago en patíns. Cando todo Santiago o sabía, todo o mundo quería facer o camiño en patíns. E convertiuse nun reto para todos os cidadáns.




Lara 4ºA

# Entroido

## Coplas do Entroido

1

Somos de Barroçás,
estamos no centro escolar
e queremos explicar
como é o carnaval.



# Coplas do Entroido

2

Comenzamos cos fareleiros

non paramos de tirar

a fariña polo chan

e a correr sin parar.



# Coplas do Entroido

③

Chegado a oleira
sempre con precaución
para non mancarnos
e seguir coas tradicións.



# Coplas do Entroido

4

O xoves de compadres xa se encontran
os folións para para facer as coplas
ponlle imaxinaciones.



Coplas do Entroido

5

No domingo corredoiro

saímos a disfrutar

xunto cos nosos veciños

non paramos de troulear.



# Coplas do Entroido

⑥

Damas para as comadres

señoras moi elegantes

que visten as mellores galas

para que as vexan os danzantes.



# Coplas do Entroido

7

E por último o entroido

a festa para nos deleitar

cada un co seu disfraz

para todos disfrutar.



# Día do libro

## OS NENOS E NENAS DE 6º DE INFANTIL CELEBRAN O DÍA DO LIBRO CON LIBRIÑO NA NOVA BIBLIOTECA

Despois de visitar a nova biblioteca e de estar con Libriño fixeron un debuxo dos seus contos favoritos.

















23 DE ABRIL DÍA DEL LIBRO

23 DE ABRIL DÍA DEL LIBRO



23 DE ABRIL DÍA DEL LIBRO

23 DE ABRIL DÍA DEL LIBRO

# Se eu fose un libro...

Contaría fábulas de animais incribles con grandes moralexas.

Tería miles de receitas, escritas por unha avoa de pelo branco.

Os meus contos comezarían todos con "Érase unha vez..."

Non habería personaxes malvados, nin princesas que son rescatadas por príncipes con espada.

As miñas follas estarían cheas de soños, cores, palabras, sorrisos e lugares marabillosos.

Contaría mil historias, todas elas con final feliz.



Marco Vidal Soto – 6ºC

# Letras Galegas

**TÍTULO** A NENA EXTRAORDINARIA

Tiña que vestirme para ir ao colexio.
Abrín o armario e vin unha luz a fondo.
Toqueina e, de repente, aparecín no país
dos globos, animais e xoguetes. Era un país des-
coñecido. Acercóuseme
unha muñequiña e pre-
guntoume: - Ti tes poderes?-
Eu díxenlle: -Non- Ela
díxome: -Pois que rara
es-. Eu lle contestei: -Espera,
síntome rara, ahhh-. Empecei
a voar; choqueime cun



león, e despois casi exploto un globo. A mu-
ñequiña dixo: -Xa sabía eu que era imposible que
non tiveses poderes- Fin

TÍTULO **O PAÍS DA ALEGRÍA**

Un día, esperteime nunha habitación cunha soa porta; abrina e dentro había un mon-tón de xente. Toda a xente estaba alegre. As vivendas feitas de emoticonas alegres. A xente tiña roupa moi co-lorida. A pel da xente era de cores. E as vivendas eran de todas as cores. E a Terra era de todas as cores.



TITULO **O LIBRO VOADOR**

Un día eu fun a unha biblioteca. Estaba lendo cando pechei os ollos. Cando os abrín, estaba nunha casa moi grande feita de libros. Cando saín encontreime cunha cidade feita de libros. Os habitantes eran libros e púxenme a ler eses libros. Cando lle preguntei a un libro díxome que pechara os ollos e funme outra vez á biblioteca a seguir lendo. Que raro!



# HOMENAXE A XELA ARIAS 4º B












XELA ARIAS
Imos meu BEN, camiñar serena
pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos
comenza-lo xeito a tua VIDA e mirame,
mesmo as bolsas dos meus OLLOS seran moneca
dos teus días xunta a min.
DARÍO a DIARIO
Gabriela 4ºB.
Darío a Diario.
Xela Arias. 1996


Xela Arias
Imos, meu ben, caminar sereo
pola cidade sen nas aceras. Imos
comeza-lo xeito da tua vida, e mirame
mesmo as bolsas dos meus ollos seran monecos
dos teus dias xunta min
Xiana 4º

# Galicia

Braís 4ºA

Galicia é moi peculiar,
Representa o galego
Dende a comida ao mar,
os días son frescos.

As avoas cos casos rensa queimar
E sempre orgullosas dos seus netos,
en busca das castañas todos van
E cando chove, métense baixo os abetos.

Cando a túa avoa te chama larpeiro
Porque xa estamos todos completos
e nos poñemos na sombra do piñeiro
para alguén de fóra, estamos cheos de secretos.

# POR QUE O CAMALEÓN CAMBIA DE COR?

Un día de verán, un camaleón verde ía paseando tranquilamente pola praia. Viu un grupo de ras de cor vermello e díxolles:

-Ola, que tal estades?

-Ola camaleón, por que ti non tes unha cor tan bonita coma a nosa?

-Eu sempre quixen ser doutra cor, pero os camaleóns sempre fomos verdes. Non sei como cambiar- respondeu moi triste.

As ras dixéronlle que fora con elas ao arco da vella, que así solucionaría o seu problema.

- Que facemos aquí?- dixo o camaleón
- Quédate aquí un pouquiño e xa verás o que pasa.

El así o fixo, quedou quietiño e ao pasar cinco minutos xa estaba cambiando de cor.

- Xa non son verde, teño as cores todas do arco da vella- díxolle moi contento as súas amigas as ras.

E desde ese día, todos os camaleóns poden cambiar de cor.

Mireia Teijeiro Fidalgo 4º B



# MONCHO

O meu avó chamábase Moncho e tiña 73 anos cando falleceu. Para toda a familia foi moi difícil de superar esa perda, pero eu quedeime co bo como por exemplo o cariñoso que era cos seu netos e fillos.

Él ensinoume a andar en bicicleta e, ás veces, cando eu tiña nove anos, axudábame a facer os problemas de matemáticas cando non os sabia facer.

Un ano despois de que morrera démonos de conta do tanto que me quería. Na súa carteira tiña tres fotos miñas e unha a maiores de cada curmán meu. Ademáis, na súa axenda, en cada día tiña apuntado o meu nome. Nunca o olvidarei

Uxía González 6°A

# A nosa terra querida

Doruk espertou na súa habitación en Estambul (Turquía), nun barrio pobre. Sempre que se asomaba pola fiestra púñase triste ao ver casas derruídas e negocios pechados.

Un día chamaron á súa nai dun traballo na Coruña. Rumbo a Galicia, Doruk estaba emocionado porque imaxinaba unha vida mellor nesa cidade.

O primeiro día de clase, ao ser doutro país, os profesores foron contándolle todas as paisaxes e cores que podía encontrar en Galicia.

Da primeira cor que lle empezaron a falar foi do azul do mar e das praias galegas. Contáronlle que había varios tipos de praias: pequeniñas, como as calas, ou máis extensas, como Samil e A Lanzada.

Despois faláronlle do verde intenso dos montes de Galicia, mesturado co marrón dos troncos grosos e vellos das árbores. Neses montes había rutas para facer o ¨Camiño de Santiago¨.

Doruk preguntoulles :

- En Galicia non hai cores escuras como no meu barrio?

Contestáronlle:

-Por suposto, está o gris das pedras, das catedrais , dos . mosteiros e das igrexas.

Doruk quedou fascinado con todos aqueles relatos das cores de Galicia.

CEIP ¨Amadeo Rodríguez Barroso¨.

Alumno: Damián Gómez Diosdado.

# Cores e sentimentos

Galicia é un lugar moi fermoso, cos seus verdes prados. Tamén resalta moito o azul da súa costa, e a cor intensa do ceo é algo extraordinario.

Hai unha cor na miña Galicia moi peculiar: o marrón. Si, si, o marrón das vacas, bois,cabalos, cans,.. e tamén de tantas serras.

Pero si hai unha cor que a min me perde, esa é o amarelo, porque me recorda á miña aldea. Miña aldea é un lugar poboado de trigo, alpacas de herba, e , sobre todo, hai moitos toxos, que se te pinchan...ves as estrelas!

A min gustaríame que no futuro siga habendo tantos prados, tantas aldeas, tantos animais de todas as especies, tanto galego, tantos pratos típicos, tanto marisco,..e, sobre todo, moita xente que protexa esta terra miña que é tan querida.

Cando non teño un bo día vexo todo gris, pero cando estou feliz vexo a miña Galicia de todas as cores do Arco da Vella. Percibo todo o verde, azul, marrón e amarelo que hai; percibo todo o amor que cabe na miña acolledora Galicia.

CEIP Amadeo Rodríguez Barroso

Alumna: Lía González Rodríguez

Curso: 6ºA

Profesora: Yolanda Berjano Cid

Galicia é a miña terra,
onde eu nacín,
con ríos, pontes e termas
para disfrutar e rir.



As paisaxes son belas,
como o sol resplandecente,
ese que entra ás mañás pola ventá
e fai que o día esté quente.

Galicia é un lugar
habitado por nós,
que facemos dela
unha fermosa flor.



Todos os días a disfrutamos,
non podemos parar de facelo
porque sen ela non habería maxia
nin o idioma galego.

# AS CORES DO ARCO DA VELLA

Como se sabe, as cores do arco da vella son sete: vermello, laranxa, amarelo, verde, azul e morado; e as cidades de Galicia tamén son sete: A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Lugo. Ambas pódense relacionar:

- Vermello, para Ourense: polas súas altas temperaturas no verán e as súas termas.
- Laranxa, para Ferrol: polos seus museos e numerosas antigüidades.
- Amarelo, para Coruña: polas súas praias.
- Verde, para Lugo: polos seus parques e espazos naturais.
- Azul, para Santiago de Compostela: polas súas frecuentes choivas.
- Morado, para Pontevedra: polas súas grandes vendimas.

Por iso, en Galicia fai un tempo irregular, para que as sete cidades galegas poidan saír co arco da vella, cada quen coa súa cor.

Centro: CEIP Amadeo Rodríguez Barroso
Alumna: Sofía Moure Loureiro
Curso : 6º B
Titora: Mirian Vázquez Blanco

# A NOVA BANDEIRA DE GALICIA

Érase unha vez un deus da mitoloxía celta que quería facer unha nova bandeira para Galicia. Entón mandou a dous paxaros para a bandeira, tres para o escudo e cinco para a coroa da bandeira.

Os dous primeiros paxaros foron a América do Norte e do Sur. O que foi a América do Norte colleu o branco das nubes e o que foi a América do Sur, colleu o azul do Amazonas. Volveron xunto o deus, quen dixo: ENCÁNTAME!

Os tres paxaros foron a África. Un colleu o azul do Nilo, outro o amarelo do trigo e outro o branco das cebras. Volveron xunto o deus, que dixo: ENCÁNTAME!

Os cinco paxaros restantes foron a Asia. Un deles voou a Xapón e colleu o branco do arroz; outro foi a China, onde colleu o vermello da  bandeira; outro foi a Corea, para coller o verde das verduras; o cuarto foi aos Emiratos Árabes e colleu o amarelo do ouro, e o último colleu en Vietnam o azul do ceo.

Volveron coas cores creándose así a bandeira, o escudo e a coroa de Galicia.

Centro: CEIP Amadeo Rodríguez Barroso

Alumno: Yago Guerrero Carballo

Curso : 6ºB

# Novembro

Chega o novembro,
época de castañas,
para quentalas nos fornos
e servilas asadas.

Tamén trae follas,
de todos os tipos,
pero non esquezamos
que tamén fai frío!

Ás árbores de aquí,
da nosa Galicia,
caeranlles as follas,
e crecerán con ledicia.

Por último direi,
que este mes non vai ser igual,
pero xa veredes
como o seguinte vai ser normal.

# Biblioteca

## A NOVA BIBLIOTECA

**DESPOIS DE MOITO TRABALLO E ADICACIÓN O DÍA 23 DE ABRIL, DÍA DO LIBRO, INAUGURAMOS A NOSA NOVA BIBLIOTECA CUNHA MADRIÑA DE EXCEPCIÓN, A ESCRITORA ANTÍA YÁÑEZ QUE VISITOU O NOSO CENTRO E ADICOU UNHAS PALABRAS NO NOSO LIBRO DE HONRA.**








**MARCAPÁXINAS CONMEMORATIVO**

**INICIO DOS EMPRÉSTITOS**



**ESTA É A NOVA BIBLIOTECA ONDE SE ATOPAN RECUNCHOS PARA LER, PARA BUSCAR INFORMACIÓN, PARA FEDELLAR… E O NOSO NOVO RECANTO, A RADIO, QUE DE SEGURO DARÁ MOITO QUE FALAR.**














# Traballamos no cole

## 3º A: INVESTIGAMOS SOBRE AS PLANTAS

### OBSERVAMOS AS PLANTAS

Nome da planta (galego, castelán): MENTA





Debuxo, fotografía ou parte dela (folla, flor, talo...)

Onde a atopei? NO PARQUE DOS PINOS

Que tipo de planta é? (*ten flores, ten sementes, non ten nen flores nen sementes*)

TEN FLOR

E unha planta propia de Galicia ou "invasora"?

E UNHA PLANTA PROPIA DE GALICIA

En que lugares adoita medrar?

Características máis importantes (*incluímos a forma da folla, e o número de pétalos que ten a flor se a ten*)



A ENCONTREI NA CASA DO MEU AVÓ

É útil para as persoas? (*a comemos, a comen os animais, é unha planta medicinal, facemos perfume con ela, decora as nosas casas...*)

NON



Se precisa coidados, cales son estes?

LUZ SOLAR, AUGA E TERRA.

# OS CARACOIS

OS NENOS E NENAS DE 4º DE INFANTIL FIXEMOS UN PROXECTO SOBRE OS CARACOIS.

SABIADES QUE SEGÚN O QUE COMAN AS SÚAS CACAS SON DE ESA COR ?





ENCANTALLES TOMAR O SOL

CARREIRAS DE CARACOIS...QUE DIVERTIDO !!





A SÚA CASIÑA TEN QUE ESTAR LIMPA !!
















COA CHEGADA DA PRIMAVERA TRABALLAMOS AS PLANTAS E CON MOITA ILUSIÓN SEMENTAMOS AS NOSAS FABAS.

5º INFANTIL







AS PLANTAS











## CURSO 2020/21 4º DE PRIMARIA

Este ano foi un curso moi diferente aos anteriores debido á pandemia. Xeles, mascarillas, distancia...pero o que máis estrañamos os alumnos de 4º B foi á nosa compañeira Aroa, que aínda que non estaba connosco, sempre participaba nas actividades que facíamos na aula. Aquí a vedes no Entroido disfrazada de compadre.



Este ano traballamos as lendas no proxecto do Camiño de Santiago e fixemos un precioso mural con algunhas delas.



Pero non esquecemos divertirnos. Chegou o Samaín e desfrutámolo na clase



No Nadal tamén o pasamos xenial fixemos murais e viñéronnos visitar os Reis Magos.






Este ano no Entroido non puidemos desfilar, pero disfrazados viñemos todos e así votamos unhas boas risadas.



Por fin poidemos desfrutar da nosa biblio, que por certo quedou ben bonita



Nos recreos non tiñamos balóns, nin cordas, pero a imaxinación axudounos a pasalo o mellor posible



En fin, un curso diferente pero sempre desfrutando cos amigos e aprendendo cousas novas.

ENTREVISTA A MIÑA PROFESORA DE PINTURA:

**MARGA MONDELO**



¿Cando descubriu que lle gustaba o debuxo?

-A idade de 5 anos, os meus profesores descubriron que era superdotada en debuxo.

¿Qué lle gusta máis, pintar ou debuxar?

-Sen dubida, debuxar, pero tamén sentome realizada pintando diante dun cabalete e creando obras.

¿A qué idade fixo a súaprimeira exposición?

-A idade de 25 anos.

¿A qué tipo de alumnos imparte clases de pintura?

-A alumnos de todas as idades, desde os 5 anos ata os 70anos.

¿Qué técnica de pintura lle gusta máis?

-Non sabría decir cal me gusta máis, realizo varias técnicas: oleo, carbón, pastel, puntillismo e a lapis.

¿Fixo moitas exposicions durante a súa carreira?

-Aproximadamente, 26 exposicións.

¿Ten pensado en facer algunha outra exposición?

-Gustaríame realizar como mínimo 3 ou 4 exposicións máis.

¿Qué pintor lle inspira máis?

-Gústame  moito todo tipo de arte e de pintores, pero os meus pintores favoritos son: Salvador Dalí, Pablo Picasso, e por suposto Velázquez e Miguel Ángel.

¿Hasta que idade ten previsto dar clases de arte?

-No meu caso non me preocupa a idade, impartirei clases de arte mentras meus ollos mo permitan e miñas mans poidan pintar.

Aquí algunhas obras de Marga:




Título: “***Arlequines***”.

# Arts/ plástica

## ARTS AND CRAFTS



FIRST LEVEL





# ARTS AND CRAFTS SECOND LEVEL A



# ARTS AND CRAFTS

## SECOND LEVEL B





NATURE

EMOTIONS






CELEBRATIONS

WINTER


















EARTH'S DAY



SCHOOL

## ARTS AND CRAFTS 3rd Grade

### DRAWING LIKE PICASSO







### NEWSPAPER COLLAGE



### COLLECTIVE ART

# CELEBRATIONS
















# MASTERPIECES









# COMICS


MY SUNDAY
Wisdom Book


SATURDAY WITH MY COUSINS
THE END


MY ADVENTURE
FINALLY


MY MORNING
First...
Later...
Next...
In the end...
I go to school


My afternoon ballet routine


MY ADVENTURE


Santiago


MY LAST WEEKEND
SAN MAMEDE


INSTAGRAM
TikTok
POP!
POP!
TikTok
YouTube
You Tube
YouTube

# GEORGIA O'keeffe




















Thank you , Magda

Good luck!!

# Templos relixiosos

















El Rocío

Inés, 5º B




Belinda




Yago G., 6º B



Cristian A. R.




Noelia, 5º B



Dani Grela




Lucía L., 6º B



Rodrigo, 6º B



Héctor, 5º B



Manuel, 6º B


Martín, 5º B


Notre Dame - Javi, 4º B


Lucía Estévez


Marcos, 5º B


Pablo, 6º B



Noa


Catedral Santa Sofía - Sofía


Joel I.


Carmen, 5º B

# Graduacións

## Sexto de infantil






# Sexto de primaria









# Toda unha vida de dedicación e entrega



## Conchi e Pili Gil



## José Antonio